

“A sociedade civilizada, que esixe o bo obrar, sen preocuparse do fundamento instintivo do mesmo, gañou, pois, para a obediencia e a civilización a un gran número de homes que non seguen niso a súa natureza. Animada por este éxito, deixouse inducir a intensificar en grado máximo as esixencias morais, obrigando así aos seus participantes a distanciarse aínda máis da súa posición instintiva. Estes homes vense imposto un sometemento continuado dos instintos... No terreo da sexualidade, que é onde menos pode levarse a cabo tal sometemento, chégase así aos fenómenos de reacción das enfermidades neuróticas. A presión da civilización noutros sectores non provoca consecuencias patolóxicas, pero maniféstase en deformacións do carácter e na disposición constante dos instintos inhibidos a abrirse paso, en ocasión oportuna, ate a satisfacción.”

(Sigmund Freud. Consideracións de actualidade sobre a guerra e a morte)

Cuestións Texto:

1. ¿Que papel levaron a cabo a civilización e a moral en relación aos instintos humanos? ¿Que conceptos utiliza Freud para dar conta da acción da sociedade sobre a natureza instintiva do ser humano? Para contestar a esta cuestión fíxate nas expresións que aparecen subliñadas no texto. ¿Que instinto menciona o autor?
2. ¿Cal é o prezo que ten que pagar o individuo por este *sometemento continuado dos instintos*?